

SEÑORA DE  
LACIA

Valequí unha man de marcos en pers  
e un brazo de precisión porcelana,  
valequí unha espada negra e fura  
de acalro que outro acalro non profana.

SEÑORAS DO PASADO

Unhas brancas camélias, outras flores de lis.

Álvaro Cunqueiro

SEÑORA DOS  
TÚMULOS

Señora dos cabelos onte de outo  
que andabas na luzada matutina,  
é xa o peite sen prezo carbón mouro  
no que o teu ollar triste se resigna,

señora destas pedras, e os cabelos  
volvéronseche xa de prata vella  
no transcurso dos fríos caramelos  
do tempo que en olvido se enguedella.

Señora dos profundos que saías  
cada mañá de nova primavera  
do teu esquivo méxico fogar,

xa o tempo teu murchou, e xa desfías  
a roca melancólica e severa  
de non crermos en ti, de non soñar.



SEÑORA DA  
LAGOA

Velaquí unha man de marbre ou cera  
e un brazo de preciosa porcelana,  
velaquí unha espada nobre e fera  
de aceiro que outro aceiro non profana.

Valaquí un cadoiro de ouro grave  
que dece undosamente sobre un colo  
de perfecta caída, máis suave  
ca pradela de liño azul maiolo.

Velaquí unhas augas cristalinas,  
un vento solermiño que arrevoa  
e un dourado radioso resplendor

escoando do fondo das retinas  
da señara de artúrica lagoa  
que ten na man a espada Escalibor.

A DONA CERVA

Onde vai dona Aldara  
polo monte segredo  
entre o esbúrdigo ucedo  
que o vento abaneara?

Onde vai dona Aldara  
pola montaña escura  
entre a mesta espesura  
que o sol non alumara?

Onde vai a doncela  
tan garrida e bringuela  
coma a cervo máis fina,

ou será aquesta cervo  
que está morta na herba  
pola frecha asasina?



A TABERNA DA  
GALIANA

Se puñera taberna no camiño  
a señora Galiana do ancho rir,  
viñéralle proba-lo ilustre viño  
moita xente de prol por llo sentir.

Se a branca man groliza da Galiana  
quixera os claros viños escanciar,  
inda se había ver unha galana  
compañía chegando pra os catar.

Se a señora Galiana pór quixera  
taberna de bo viño no rñeiro  
onde todo camiño ten seu fin,

inda había de entrar algunha sera  
o meu señor dón Álvaro Cunqueiro  
por falar con Sinbad e don Merlán.

RESPOSTA Á  
SEÑORA DAS  
TESOURAS

Gústame máis a mirada  
desta señora tan lourea  
cá delicada tesoura  
que amosa toda dourada.

Gústame máis esta fada  
tan donairoza e tan bela  
cá tesouriña amarela  
que me ofrece a condenada.

Gústame máis a señora  
que está na porta de fóra  
do seu gardado penedo

cá rica tesoura de ouro  
que forxou ferreiro mouro  
nun obradoiro negredo.



INÉS DE CASTRO

Este brazo de límpido alabastro  
e este colo de pálida azucena,  
este ollo que brillou atal que un astro  
e xa non se ha mollar por gozo ou pena,

e este liso cabelo que ía arrastro  
detrás de leves pes nos corredores,  
pertencen á señora Inés de Castro  
que xace morta aquí polos traidores,

e esta man que foi rosa e é de neve  
desgonzada e mortal e decaída  
onde inda a corrupción se non atreve,  
será bicada un día -xa podrida-

pola negra baballa venenosa  
de quen tolleu a vida nesta rosa.